



PREGUNTAS FRECUENTES

IMPORTANTE: o 12 de abril de 2023, entrou en vigor a nova Lei Orgánica 2/2023 do sistema universitario (LOSU), a cal elimina a necesidade de contar cunha acreditación para acceder á figura contractual de profesorado axudante doutor (PAD). En coherencia co indicado, as convocatorias de avaliación previa á contratación de profesorado universitario xa non contemplarán a acreditación previa para dita figura e polo tanto exclúese neste documento calquera indicación respecto á mesma.

1. Como debo presentar a solicitude para a avaliación previa á contratación de profesorado para as figuras de PCD, PUP

As solicitudes deberán presentarse obrigatoriamente por vía electrónica, conforme co establecido no artigo 10.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. A presentación electrónica da solicitude consta de dous pasos:

- a) Deberase cubrir na aplicación de ACSUG (<http://www.acsug.es/convocatorias-abertas>) o modelo normalizado de instancia (Anexo I) e xerar o correspondente PDF.
- b) Este PDF debe presentarse na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) CÓDIGO DO PROCEDIMENTO: ED702B. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. Que documentación debo presentar no rexistro electrónico?

Na sede electrónica da Xunta de Galicia debe subirse a seguinte documentación:

- Anexo I (solicitude en pdf) xerada na aplicación informática da ACSUG (non vale outro modelo, salvo a xerada na ACSUG).
- Xustificante de pago da taxa.
- Documentación xustificativa dos méritos curriculares que se aleguen. Débense achegar enteiramente a través da sede electrónica, dada a capacidade da mesma.
- No caso de denegar expresamente a autorización á ACSUG para a consulta dos seus datos no sistema de verificación de datos de identidade, de conformidade co disposto no Decreto 255/2008, de 23 de outubro (DOG núm. 221 do 13.11.2008) o solicitante deberá xuntar o documento acreditativo da identidade do solicitante (DNI ou equivalente) en formato dixital.
- No caso de denegar expresamente a autorización á ACSUG para a consulta do título de doutor no Ministerio de Educación, o solicitante deberá xuntar o documento acreditativo do título de doutor, en formato dixital de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos,.

3. Onde debo cumprimentar o CV?

O CV debe cubrirse no modelo dispoñible na aplicación de ACSUG. Unha vez cuberto na aplicación de ACSUG non será preciso subilo ao rexistro da sede electrónica. Só se valorarán os méritos que aparezan cubertos deste xeito no currículo. No caso de que un mérito sexa susceptible de ser incluído en distintas epígrafes do currículo, o interesado elixirá o lugar onde desexa que sexa valorado.

Cabe apuntar que o CV da aplicación está aberto todo o ano, de xeito que a persoa solicitante pode cubrir e actualizar o mesmo en calquera momento.

Existen dúas formas de acceder á aplicación de acreditación dende a nosa páxina web de ACSUG

- a) A través do menú de profesorado – acreditación previa á contratación
- b) Dende o enlace "convocatorias abertas" na portada da páxina principal

4. Como se debe presentar a documentación xustificativa dos méritos alegados no currículo?

A documentación xustificativa debe presentarse na sede electrónica da Xunta de Galicia. A forma máis axeitada de presentala é agrupando a documentación coa mesma orde estrutural na que se divide o currículo da aplicación informática da ACSUG. O obxectivo é que o avaliador poida localizar de forma clara e rápida os xustificantes dos méritos a medida que os avalía na aplicación.

O máis recomendable é agrupar documentación estruturándoa e ordenándoa nun documento PDF (CARTEIRA PDF). <https://helpx.adobe.com/es/acrobat/using/overview-pdf-portfolios.html>

Esta documentación deberá presentarse na sede electrónica da Xunta de Galicia a través do espazo habilitado na correspondente carpeta do cidadá.

No caso de que a documentación xustificativa dos méritos curriculares supere o tamaño máximo permitido recomendase separar dita documentación en apartados (Formación, Docencia, Investigación...) e presentala fóra da solicitude a través do procedemento PX006A: ACHEGA DE DOCUMENTACIÓN SEPARADA DA SOLICITUDE. Debe terse en conta que sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que o emende a través da presentación electrónica.

A información actualizada sobre o tamaño máximo, os formatos admitidos así como as instrucións para presentar documentación de gran tamaño, pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal/axuda/como-podo>

5. Existen prazos concretos para a presentación dos documentos necesarios para ser avaliado?

As datas e prazos de entrega de documentación virán determinados en cada convocatoria, xa que non se trata de convocatorias abertas.

É importante destacar que non se poderá presentar documentación xustificativa dos méritos unha vez pechado o prazo de presentación de solicitudes, xa que estes non serán tidos en conta, e de ningún xeito serán obxecto de requirimento.

6. Como fago o pagamento das taxas e cal e o seu importe?

Ademáis das modalidades habituais de pago presencial ou pago a través Oficina Virtual Tributaria (<https://ovt.atriga.gal/>), tamén poderá efectuarse o pagamento telemático directamente a través da sede electrónica, xerándose un xustificante de xeito automático.

Os datos actualizados relativos ao xeito de cubrir o formulario e facer o pagamento das taxas atópanse nos seguintes enlaces, da páxina web de ACSUG: <http://www.acsug.es/gl/acsug/taxas> e <https://intranet.xunta.gal/pago-de-taxas>.

7. Canto tempo tardará a ACSUG en resolver a miña solicitude?

A ACSUG resolverá as solicitudes nun prazo máximo de cinco meses dende o peche do prazo da convocatoria.

8. Como fago se non estou de acordo coa avaliación recibida?

Os acordos adoptados pola CGIACA esgotan a vía administrativa polo que, de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, poderán ser recorridos en reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou ser impugnados directamente perante a xurisdición contencioso-administrativa, consonte ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Quen desexe interpoñer un recurso de reposición poderá facelo, empregando o propio formulario que se atopa dispoñible na sede electrónica, dentro de “a miña sede”. No caso de empregar un formulario distinto ao da sede electrónica, unha vez cuberto telematicamente, deberá presentarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

9. Que é a validación automática da solicitude?

A validación automática supón que o expediente non será sometido a avaliación e obterá automaticamente a avaliación positiva nos seguintes supostos:

A pertenza ao corpo de catedráticos de universidade e profesores titulares de universidade ou a situación administrativa e académica de atoparse acreditado para estes corpos, implicará a cualificación automática para poder ser contratado polas universidades de Galicia como profesorado contratado doutor, e de universidade privada.

A obtención da avaliación positiva da ACSUG para a figura de profesorado contratado doutor implicará a cualificación automática para poder ser contratado polas universidades de Galicia nas figuras de profesorado de universidade privada.

A avaliación positiva obtida na ANECA implicará a cualificación automática para poder ser contratado polas universidades de Galicia, nas figuras en que se obtivesen a avaliación positiva.